

Estimada familia:

As titoras de segundo desexamos que esteades con moito ánimo e esperanza neste tempo que estamos a vivir.

Como xa sabedes, na páxina web do noso centro temos colgadas unha serie de fichas de *lingua, lengua, matemáticas e plástica, xunto cos traballos de educación física e inglés*.

Queremos presentarvos recomendacións e un plan de traballo .

Recomendamos organizar o tempo e levar a cabo un horario cunhas rutinas, que seguro xa estades levando a cabo.

Temos un **horario de aula** que podemos seguir de xeito orientativo e flexible, según as circunstancias persoais de cada familia. De este xeito podemos asegurar que traballamos todas as materias que dan resposta ás necesidades de aprendizaxe dos nosos nenos e nenas : lingua, lengua, matemáticas, naturais, sociais, valores e as especialidades.

Ao longo da tarefa escolar, diaria, é convinte facer un “**recreo**”, como ocorre na escola, para comer a merenda, estirarse, xogar, mirar pola xanela e renovar enerxías a efectos de continuar...e a continuación, toca a **lectura silenciosa** na que poden coller o libro ou conto que lles guste ler.

Ademáis, e basándonos na nosa experiencia, vos aconsellamos que a continuación da *lectura silenciosa*, continúen coas actividades igual que facemos no cole e que están acostumados a realizar, por manter as nosas rutinas, nas que estamos inmersos tanto os nenos e nenas coma o profesorado.

Tamén somos conscientes de que, nas nosas aulas, sempre nas últimas horas da mañá están mais cansos, como é lóxico! e buscamos actividades nas que funcionen mellor, polo que nesta fase , é convinte deixalos aprender xogando. Para elo vos facilitamos unha serie de enlaces que vos aconsellamos e que están á vosa disposición, ademáis do blogue <http://isidisfrutamos.blogspot.com/> onde hai e podeades atopar recursos para empregar.

Ata as vacacións de Semana Santa que serán do **6 de abril ao 13 ambos inclusive**, enviaremos unha serie de traballos para ir avanzando no currículo e podeades recurrir igualente ás fichas correspondentes a esta pasada semana, do 16 de marzo ao 20 como **fichas de reforzo ou de repaso**.

O noso mellor desexo para vós de parte das titoras.